



www.oqueleo.com

© Do texto: 2026, Jacobo Santoro Gallego

© Das ilustracións: 2026, Ignacio Hernández

Representados por Tormenta. www.tormentallibros.com

© Desta edición:

2026, Sanoma Educación, S.L.U. e Edicións Obradoiro, S.L.

Oqueleo é unha marca rexistrada directa ou indirectamente por Grupo Santillana

Educación Global, S.L.U., licenciada a Sanoma Educación, S. L. U.

Entrecercas, 2 - 15705 Santiago de Compostela

ISBN: 978-84-16834-74-7

Depósito legal: M-199-2026

Printed in Spain - Impreso en España

Primeira edición: marzo de 2026



As materias primas utilizadas na fabricación deste libro son reciclables e cumpren amplamente coa normativa europea de desenvolvemento sostible, economía circular e xestión enerxética.

Queda prohibida a utilización dos contidos desta obra, de calquera forma, ou por calquera proceso, con fins de minaría de texto e datos, aprendizaxe automática, desenvolvemento e/ou adestramento e/ou enriquecemento de intelixencias artificiais de calquera clase.

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser feita coa autorización dos seus titulares, agás as excepcións que establece a lei. Contacte con CEDRO (Centro Español de Dereitos Reprográficos, www.cedro.org) se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

J. Santoro Gallego

AXENCIA MÁXICA DE VETECTIVES

Ilustracións de
Ignacio Hernández

oqueleg

Para Marta, Pablo, Vega e Jaco.

Lume, Luz e Lar.

Presentación

Preguntácheste algunha vez que lle pasa a unha serea cando se pon enferma?

7

Ou a un vampiro cando ten unha carie?

Ou... a unha elfa cando rompe un óso ao caer dunha árbore despois de que a súa nai botase tooooooa a tarde dicíndolle que non xogue nas alturas?

Si! Non te preocupes, xa sei que no mundo onde ti vives non existen todos estes seres máxicos, pero estou segura de que liches un montón de libros e escoitaches centos de historias sobre eles.

O meu nome é Vega Vet e desde moi pequeniña sempre me fascinaron os seres fantásticos. A ti tamén? Que sorte! Xa temos algo en común!

Aínda que cunha pequena diferenza... Onde vivo eu, no Val da Fantasía, si que existen. Trasnós, dragóns,

bruxas, fantasmas, unicornios, elfos, fadas, sereas, vampiros e cantos arestora esteas a imaxinar. E os humanos, por suposto...

Pero, a diferenza doutros contos, onde ás veces pelexan entre si, aquí levámonos superbén. Vivimos tranquilos e felices todos xuntos.

8 E eles, igual ca ti e ca min, tamén enferman de cando en vez. E necesitan de alguén que os cure.

Axudar os demais e investigar polo bosque era o que máis me gustaba no mundo cando era cativa, así que poder abrir esta axencia é coma un soño feito realidade.

É certo que a min me había gustar chamarlle «A fabulosa clínica para animais fantásticos e axencia de monstros superxeitosos», pero a miña nai convenceume de que era un nome demasiado longo. Así que decidimos poñerlle «Axencia máxica de vetectives», máis curto e fácil de memorizar, non cres?

Todos estes anos tiveron a sorte de axudar un montón de seres máxicos cos seus problemas de saúde e, neste libro, vouche contar os casos máis especiais e divertidos. Devezos por que os descubras!

Para poder entrar na Axencia, non esquezas escribir o teu nome na tarxeta de visita. Vémonos dentro!



O fantasma visible



Que gusto descansar despois dunha gran festa!

13

«E non unha calquera, senón... unha troula de marca maior!», lembraba eu moi satisfeita.

A inauguración da axencia o día anterior fora un éxito rotundo. Ninguén quixo perdela. Todos os meus amigos e familiares acudiron para celebrar este acontecemento tan importante. Pasámolo xebre, rimos e divertímonos a dar cun pau. Incluso o rosmón do meu tío Henrique nos sorprendeu cun baile ben gracioso, agarrando unha perna e dando voltas á pata coxa coma se fose un galo mareado. Quedamos todos pampos!

Aínda que tamén estaba un pouco cansa. Os últimos convidados marcharon máis tarde do previsto. Cheguei á casa tan tarde que quedei durmida co vestido posto!

Ademais, os nervios do primeiro día non me deixaron durmir moito. Pero estaba tan feliz e orgullosa!

«Estou desexando descubrir quen será o primeiro cliente que entre pola porta...», pensaba intrigada no meu novo despacho.

14 Ás nove en punto da mañá abrimos as portas á espera dos primeiros visitantes, pero de momento non aparecera ninguén. Así que dediquei un tempo a recoller os restos da festa da noite anterior.

Aínda estaban ciscados polo chan o confete e as serpentinas con que tanto nos divertíramos. O meu irmán pequeno derramara sen querer un pouco zume de planta carnívora pola porta do meu despacho e tiven que esforzarme dabondo para limpalo.

Cando rematei de recollelo todo, pasaran dúas horas e seguía sen entrar ninguén na axencia. Un algo desgustada, levanteime para preparar un té de lava doce —o meu preferido—, cando o meu axudante, Bruno Ventuno, entrou á carreira no despacho.

—Vega Vet! Quero dicir... xefa! Acaba de entrar o noso primeiro cliente! —tusiou un pouco para aclarar a voz—. UN FANTASMA VISIBLE!

—Un fantasma visible? —preguntei emocionada—. Pero como vai ser iso posible?

—Xa o sei! —dixo Bruno rindo—. É xenial!

—Está ben. Dille que pase, non o deixes aí esperando —suspirei, e a seguir rosmei—: A ver como resolvemos isto... En todos os meus anos de estudo na Universidade Mostruína nunca vira un caso semellante...

16 Estaba a poñer a bata branca para recibir ese misterioso fantasma cando oín un forte ruído na porta.

PUUMM!

«Mi madriña! Que trompazo!», sorprendinme.

A continuación, entrou no despacho o curioso fantasma, fretando na cabeza a consecuencia do golpe, con cara de dor.

—Síntoo, Vega Vet —dixo o fantasma—. É que, como estou afeito a atravesar as portas e paredes e agora non podo, choco seguido con elas!

Achegueime un pouco para ofrecerlle axuda.

—Encóntrase vostede ben? Non se preocupe pola porta —dixen.

—Si, grazas. Só é un golpe, creo... Espero que non me saia un croque, pero polo resto... Míreme!

O fantasma rompeu a chorar desconsoladamente. Eu tratei de calmalo un pouco e incluso lle pasei un brazo polo ombreiro. Pero el, ao sentir o contacto, esbagoou aínda con máis forza.

—Tranquilo, non desespere... —intentei animalo—. Cónteme o que lle pasa e veremos como axudalo.

—Buuaaaaaa! Buuaaaaaa! Mire o que me pasa! —repetiu o fantasma.

17

A verdade é que eu non entendía nada e rasquei a cabeza mentres pensaba que podía estar acontecendo.

—Si, si. Xa o estou vendo —dixen.

—Buuaaaaaa! Buuaaaaaa! Pois «iso» é o que me pasa! Que me pode ver!

—Ah, claro! Agora o entendo! Non é invisible e por iso está triste!

Xusto despois agarrei o pau dunha vasoira que tiña detrás da porta e fixen un varrido rápido por debaixo do fantasma.

—Polo menos non perdeu a capacidade de levitar.

—Xa, pero iso non é consolo ningún. Onde se viu un fantasma que non sexa invisible? —E botouse a chorar de novo—. Buuaaaaaa! Buuaaaaaa!



«Se cada vez que diga algo se vai poñer a chorar, non imos saír de aquí en todo o día...».

—Acougue un intre, señor...

—Górico —respondeu o fantasma—. Desculpe que non me presentase antes. O meu nome é Górico.

«Claro..., fantasma Górico», decateime. Ofrecinlle un pano para que secase os ollos, porque estaba deixando o chan perdido co ectoplasma das bágoas.

19

Cando se calmou, comezou a explicarme a enorme tristeza que sentía. Perdera a invisibilidade e, aínda por riba, os seus amigos empezaran a burlarse del.

—Fan chistes e rinse de min ás miñas costas —queixouse.

—Non está ben iso, non... Os seus amigos deberían apoialo nesta situación tan difícil. Seguro que, se llelo explicamos ben, serán máis comprensivos a partir de agora —quixen consolalo—. Se non lle importa, quere-ría facerlle unhas preguntas sobre a súa recente «visibili-dade». Sente na cadeira, por favor.

«Non ten pernas!». Deime de conta nada máis dicilo.

—Ben... eh... Póñase cómodo —intentei saír do apuro como puideron.

—Claro, o que precise.

Non ben o fantasma estivo preparado, pregunteille sobre os últimos días. Que se viaxara a algún país solleiro, que se fixera algún exercicio bo para a saúde, que se comera algún alimento en mal estado, que se descansara ben, ou ao contrario, que se tivera algún soño bonito co que acordara na cerrada da noite... Pero o fantasma respondía cun «non» a todas as miñas preguntas.

Comezaba a sentir que o caso se complicaba...